

SESIÓN ORDINARIA DE 22 DE NOVIEMBRE DE 2018

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:10 minutos do día 22 de novembro de 2018 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita e da Interventora, dona Isabel Pernas Sánchez, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, Dona Tania Díaz Seijas, D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez, D^a María José Martínez Vigo, D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández, D^a Luisa Meilán Lombao, D^a Magdalena Ron Villar e D^a Juana Romero García e, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta da sesión anterior.

Non xurdindo debate, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN XURÍDICA

O Alcalde defende a seguinte proposta de alteración da calificación xurídica:

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con doce votos a favor e unha abstención, pertencente á concelleira do PSdG-PSOE.

3 e 4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE RESPIRO FAMILIAR e ORDENANZA REGULADORA O PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE RESPIRO FAMILIAR

O Alcalde inicia a defensa de ambas propostas de resolución, cuxo tratamento conxunto defende xa que están íntimamente vencellados.

O texto das ordenanzas é o seguinte:

“ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN E RESPIRO FAMILIAR A DOMICILIO DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención , o Concello de Outeiro de Rei , de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de conciliación e respiro familiar a domicilio municipal a través da presente ordenanza.

Artigo 1.- OBXECTO:

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de conciliación e respiro familiar a domicilio desenvolvido polo concello de Outeiro de Rei .

Este servizo poderá prestarse de forma indirecta por entidades debidamente autorizadas ou ben directamente polo propio Concello.

Artigo 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN:

O establecido nesta ordenanza municipal é de aplicación ao servizo de conciliación e respiro familiar a domicilio que se desenvolva no ámbito municipal de Outeiro de Rei.

Artigo 3.- DEFINICIÓN DO SERVIZO:

O servizo de conciliación e respiro familiar a domicilio é un servizo público complementario do servizo de axuda no fogar de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atención a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal. Este servizo ofrecerá a posibilidade de que a coidadora habitual dunha persoa que teña recoñecida unha gran dependencia poida durante unas horas ao mes ter tempo, un respiro, para afrontar ás súas propias necesidades, ó poder contar cun profesional que se desprazará ao domicilio familiar para atender á persoa gran dependente , que non pode quedar soa.

O Servizo referido non exime á familia das súas responsabilidades.

A súa planificación, coordinación e control correspóndenlle aos servizos sociais comunitarios do Concello.

Artigo 4º.- PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS:

Poderán ser beneficiarios deste servizo , as persoas que teñan recoñecido unha gran dependencia (grao III) que non sexan usuarias do recurso de servizo de atención

diúrna ou servizo de atención residencial, e que ademais cumpran as seguintes condicións:

-Ter residencia efectiva no Concello de Outeiro de Rei

-Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa, trastornos mentais ou condutuais graves que poidan alterar a convivencia.

-Ter recoñecido o servizo de axuda no fogar, ou libranza vinculada a coidados no contorno familiar.

Artigo 5º.DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS :

As persoas usuarias do servizo de conciliación e respiro familia a domicilio terán dereito:

a) A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.

b) A accederen e utilizaren os servizos en condicións de igualdade e non discriminación.

c) A recibiren unha atención individualiza e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.

d) A coñecerem a organización e o regulamento do servizo.

e) Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

f) A calidade do servizo recibido e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.

Artigo 6.- FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO:

O servizo de conciliación e respiro familiar a domicilio será prestado polo concello de Outeiro de Rei ben mediante xestión directa da propia entidade local , ou ben a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 7.- DURACIÓN DO SERVIZO:

O servizo prestarase do seguinte xeito:

-Como máximo 8 h ao mes, ben en xornada:

❖ En xornada completa de 8 h

❖ Ou en 2 xornadas de catro horas

Sempre dentro da seguinte franxa horaria: de 8:00 a 21:00 horas .

Artigo 8.- ACHEGA DA PERSOA BENEFICIARIA:

As achegas das persoas beneficiarias se materializará nos termos definidos na ordenaza reguladora do prezo público correspondente.

Artigo 9º.- PROCEDEMENTO DE ACCESO AO SERVIZO:

1.- O acceso ao servizo de conciliación e respiro familia a domicilio é para persoas que, tendo recoñecida a situación de Gran dependencia, e teñan asignado o servizo de axuda no fogar, e a libranza para coidados no entorno familiar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Segundo o seguinte procedemento : presentación da solicitude , segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

-Solicitude formulada polo titor/a, representante legal ou coidadora habitual da persoa gran dependente ao seu cargo. Formularase no modelo (Anexo I)

-Resolución de grao de dependencia

-Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e da persoa solicitante.

-Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa beneficiaria

-Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do expediente.

A dita solicitude presentarase no rexistro do concello cun mes de antelación o servizo solicitado.

O tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

2.- Abrirase un prazo de 15 días para formalizar a solicitude correspondente na que se fará constar qué nº ordinal de cada mes se solicita.

Artigo 10.-CRITERIOS PARA ADXUDICACIÓN DE PRAZOS:

Se o número de solicitudes para unha data en concreto é superior ao número de prazas dispoñibles ou a dotación económica non permite atender a todas as solicitudes, o Concello aplicará o seguinte criterio:

Si coincide que varias familias solicitan para o mesmo día de semana, establecerase a orde de adxudicación por maior grao de dependencia, no suposto de igualdade en relación co criterio anterior, terase en conta a menor capacidade económica, si persiste a igualdade, valorarase a idade do beneficiario, por último terase en conta a prestación da solicitude do servizo.

Artigo 11.-TIPO DE ATENCIÓN A PRESTAR:

De conformidade coa valoración técnica realizada polos técnicos dos servizos sociais no servizo de conciliación e respiro familiar a domicilio poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

1.- Atencions de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria:

Mobilización:

- Levantar e deitar
- Incorporar cama/cadeira
- Transferencias

Hixiene persoal:

- Aseo
- Cambio cueiros
- Axuda a vestir/espír

Medicación:

- Administrar a medicación

2.-Atencións de carácter doméstico:

Limpeza e mantemento do fogar:

- Facer cama
- Fregar louza

Alimentación:

- Facer comida
- Administrar comida

DISPOSICIÓN ADICIONAIS PRIMEIRA

Facúltase ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro responsable da área de servizos sociais para a aprobación mediante Decreto de todos aqueles modelos de documentos que sexa necesario empregar para o correcto funcionamento do servizo.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza entrará en vigor segundo o establecido nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/85 de Bases do Réxime Local permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

SOLICITUDE DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN E RESPIRO FAMILIAR A DOMICILIO

DATOS PERSONAIS DO/A SOLICITANTE

D/D ^a		
DNI/NIE:	Data de nacemento:	Estado Civil:
Enderezo:		Tfno:

DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL/GARDADOR DE FEITO (Si é o caso)	
D/D ^a	DNI / NIE:
Enderezo:	
Relación de parentesco co solicitante:	Telf:

SOLICITA a participación no servizo de conciliación e respiro familiar a domicilio, conforme á normativa municipal que regula este servizo.

XORNADA QUE SOLICITA:

Xornada completa de 8 horas	
2 xornadas de 4 horas	

ATENCIÓNS QUE SOLICITA:

ATENCIÓNS DE CARÁCTER PERSOAL.	
Aseo Persoal / cambio de cueiros	
Axuda para vestirse, espir/ levantar e deitar	

Aseo Persoal / cambio de cueiros	
Axuda para vestirse, espir/ levantar e deitar	
Axuda para administración de medicación	

Apoio na mobilización , transferencias	
ATECIÓNS DE CARÁCTER DOMÉSTICO	
Facer cama	
Fregar louza	
Preparación da comida	
Administrar comida	

Así mesmo autoriza ó Departamento Municipal de Servizos Sociais do Concello de Outeiro de Rei ao uso dos seus datos persoais e familiares, conforme ós artigos 5 e 6 da Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, así como requirir documentación que precise a realizar as visitas domiciliarias que foran necesarias tal e como se recolle no regulamento do servizo.

En Outeiro de Rei a _____ de _____ de _____”

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, elevo ao Pleno da Coporación para a súa aprobación inicial, a seguinte:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN E RESPIRO FAMILIAR A DOMICILIO DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Artigo. 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 41 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 marzo, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de conciliación e respiro familiar a domicilio , que constitúe un servizo público municipal que se presta de acordo co establecido na Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta a prestación do servizo conciliación e respiro familiar a domicilio como respiro complementario de outro recurso e/ou prestación.

Artigo 3. OBRIGADO AO PAGO

As persoas usuarias do servizo de conciliación e respiro familiar a domicilio contribuíran ao financiamento do custo do servizo na medida da intensidade dos servizos recibidos (8 h, ou 4 horas).

A fixación da cota tributaria realizarase pola Xunta de Goberno Local e expresarase en euros/hora.

Para o cálculo da cota tributaria considerarse a totalidade dos gastos imputables ao servizo, expresándose en euros/hora. Atendendo ás especiais características sociais e económicas dos beneficiarios, a Xunta de Goberno poderá fixar prezos inferiores aos prezos de custe do servizo.

Artigo 5. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO E PERÍODO IMPOSITIVO.

A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, nace dende o día en que se recoñeza o dereito á prestación do servizo. As liquidacións practícaranse por meses naturais en función do servizo prestado durante os dez primeiros días do mes seguinte

Art. 6.-NORMAS DE XESTIÓN.

1. O devengo do prezo público regulado nesta ordenanza xurde o día en que se recoñeza o dereito á prestación do servizo, debéndose facer efectivo con periodicidade mensual durante os primeiros dez días do mes seguinte.

2. A forma de pago será mediante domiciliación bancaria, previa autorización do beneficiario por escrito.

3. O concello formulará mensualmente un padrón no que reflectirá o prezo correspondente a cada usuario en función das horas de servizo efectivamente prestadas.

4. A primeira liquidación será notificada ao interesado, as sucesivas liquidacións serán entregadas na entidade bancaria en onde se atope domiciliado o pago durante os primeiros dez días do mes seguinte.

6. As débedas do prezo público regulado nesta ordenanza poderanse esixir polo procedemento administrativo de constrinximento

Artigo 7º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e logo de transcorrer o prazo ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación”.

Engade que este servizo non ten, a día de hoxe, ningunha axuda de outras administracións, e que o desexable sería que, no futuro, puidese ser máis de un día ao mes.

Tamén destaca que o Concello financia máis do 80% do servizo, xa que o prezo/hora que se prevé cobrar aos usuarios será de 3 euros, cando o custe que soporta o Concello é de 12 euros máis IVE.

Defende a necesidade do servizo debido ao grave esforzo que implica para os familiares cuidadores de dependentes a súa tarefa e a necesidade de alivialos un pouco.

A voceira de FLI considera que este servizo é paliativo e que non amaña o problema da dependencia. Tamén critica que non se prevea un prezo público axeitado á capacidade económica do usuario, xa que non é o mesmo un veciño que pode pagarse sen problema un cuidador que aqueloutro que non pode facelo. Isto non é xusto.

Se ben este servizo será un alivio, o que realmente sería xusto e equitativo será a implantación de un centro de día neste concello, reclamación que defende FLI dende o inicio da lexislatura e que non atendeu a pesares dos cuantiosos remanentes de crédito dos que dispuxo o equipo de goberno.

O voceiro do BNG considera que se trata de unha iniciativa interesante e apoia que se implante o servizo. Considera correcto o articulado proposto, con algunhas salvidades, xa que non lle agrada que se deixe aberta a posibilidade da privatización do servizo, aínda que, como de momento non se vai facer, de momento non porán pegas neste punto.

Comparte a apreciación da voceira de FLI sobor a conveniencia do centro de día, se ben considera que son servizos complementarios, non excluíntes, xa que este servizo pretende atender necesidades diferentes.

No que se refire ao prezo público, expón que lle parece inaceptable o establecemento de unha tarifa plana, por baixa que sexa, que non considere a capacidade económica dos usuarios.

Esos tres euros/hora que, no caso de un respiro de oito horas son vintecatro euros, non supoñen o mesmo a unha familia media que a que, por exemplo, subsiste cunha pensión mínima.

Tamén lle parece inaceptable que o prezo se acorde en Xunta de Goberno, e non en sesión plenaria, previo debate de tódolos grupos políticos.

A voceira do PSdG-PSOE, afirma que non ten moi claro a quen vai dirixo o servizo, xa que na ordenanza se prevé que non terán dereiro ao servizo quenes sufran trastornos mentais ou condutuais graves que poidan alterar a convivencia.

O Alcalde resposta que poderán ser beneficiarios todos os beneficiarios do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, se ben informa que a redacción do articulado fíxose polos servizos sociais con arreglo a criterios estrictamente técnicos.

En resposta a FLI, confirma que, efectivamente, este servizo non arranxa o problema da dependencia. E efectivamente é así, xa que se trata de un respiro, pero o problema que implica ter un familiar dependente subsiste.

Actualmente existen moitas residencias e a Xunta de Galicia anunciou fai uns poucos días que se abrirán máis, de xeito que todo aquel que reúna os requisitos e queira ir a unha residencia poderá facelo. Agora ben, naqueles supostos nos que a familia se compromete co seu enfermo e o ten na casa facéndose cargo de él, esas familias merecen un apoio a ese esforzo que fan. E isto non o suple unha residencia ou un centro de día.

Engade que este servizo non desbota a construción dun centro de día, e de feito vaise facer e xa se ten o anteproxecto, aínda que neste concello existen unha residencia e un centro de día privados.

Dende o punto de vista económico, todos os maiores cobran unha pensión. E de existir un caso desastroso, o Concello, a través dos servizos sociais, poderán proveer as medidas de emerxencia social necesarias.

Por outra banda, si se consolida o servizo nun futuro poderá falarse da súa ampliación e, chegado ese momento, poderá abordarse a posibilidade de establecer prezos máis altos para economías máis fortes.

Por último, o equipo de Goberno ten a responsabilidade de gobernar, por iso lévase a fixación do prezo á xunta de goberno. E este equipo de goberno non ten a intención de facer dexaizón das súas funcións.

O voceiro do BNG considera que non todos os maiores ten a mesma pensión. Por tal motivo debería modularse o prezo aínda que seña de forma simbólica en función da renda.

O auxilio da emerxencia social, tal e comá esta configurado neste concello, é intolerable, xa que se está a empurrar a quen ten unha situación de necesidade a que veña a chorar ao Alcalde para poder saír adiante. Isto tiña que estar regulado para garantir a igualdade e a transparencia.

Claro que o goberno está para gobernar, pero iso non impide que os prezos dos servizos se poidan debatir no pleno, onde cada quen pode expor as súas opinión e éstas quedan grabadas para o seu coñecemento polos veciños do concello.

Finalmente, solicita que non se empregue un linguaxe sexista no regulamento, xa que se emprega a palabra “coidadora”, cando tanto poden ser homes coma mulleres quenenes coiden dos dependentes.

A voceira de FLI afirma que está de acordo con este servizo, pero insiste na necesidade de implantar un centro de día, e informa da posibilidade que está a desenvolver a Xunta de rehabilitación de edificios nas parroquias a tal fin, polo que con non moitos cartos podería levarse a cabo e, dende logo, con menos cartos que o millón de euros de remanentes de crédito dos que dispuxo este concello.

O Alcalde resposta que xa se están a facer xestións para implantar o centro de día, tal e como xa se informou anteriormente neste Pleno, pero agora se está a tratar outro servizo.

O Concello dispuxo de un millón de euros e xa se empregaron en obras e servizos de conformidade coa prioridade de necesidades existentes.

Polo que atinxe aos centros de día nas parroquias, informa que as denominadas “casa do maior” soamente se poden implantar en concellos de poboación inferior aos 5000 habitantes, motivo polo cal este concello non ten a posibilidade de acollerse a esta figura, e ten que implantar un centro de día.

En reposta ao BNG, afirma que o prezo público, xa o poña o Pleno xa o faga a Xunta de Goberno, non pode aplicarse si non se publica, motivo polo cal sempre será público para o seu coñecemento polos veciños, polo cal non hai nada que ocultar.

Finalmente, anuncia que aceptará a enmenda presentada polo grupo municipal do BNG sobor o emprego de determinadas palabras “cuidadora”, por “cuidador ou cuidadora”.

Finalizado o debate, sométense a votación ambas propostas de resolución por seaporado.

Realízase a votación da proposta de aprobación inicial do regulamento do servizo de respiro familiar no concello de Outeiro de Rei unha vez aceptada a enmenda presentada polo grupo municipal do BNG.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

Realízase a votación da proposta de aprobación inicial da ordenanza do prezo público pola prestación do servizo de respiro familiar no concello de Outeiro de Rei.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor dos concelleiros do PP, e cinco votos en contra.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO

O Alcalde acorda o tratamento conxunto de este punto coa moción presentada polo Grupo municipal de FLI para que o Concello aprobe un Plan Económico Financieiro, xa que se tratará o que se solicita na moción.

O texto da moción é o seguinte:

“Mocion que presenta el grupo municipal Foro Lugo Independiente de oureiro de rei para su inclusión en el orden del día del próximo pleno del ayuntamiento, para que se someta al pleno de esta corporación la aprobación para la elaboración y aprobación de un plan económico financiero de conformidad con lo previsto en el artículo 21 de la ley orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera, todo ello al amparo de lo establecido por la ley 7/1985, de 02

abril, reguladora de las bases de régimen local y el real decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el reglamento de organización funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, artículos 91.4 y 97.3.

DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR y DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA portavoz y viceportavoz de (FLI) en esa Corporación Municipal, de acuerdo con el presente escrito, presentan la siguiente moción.

Exposición motivos:

En el último pleno celebrado por esta Corporación Municipal el día 27 de septiembre del año en curso, y con relación al apartado A) parte dispositiva punto 3. relativo a la aprobación inicial de expediente de modificación de crédito. La interventora Municipal Doña Isabel M3 Pemas Sánchez, emitió dos informes de fecha de 21/09/2018 con relación:

1.- ASUNTO: avaluación do obxectivo de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra de gasto.

2.- ASUNTO: expediente de modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario e suplemento de crédito.

De los dos informes de intervención mencionados se extrae lo siguiente:

1º.- Que el expediente que se propone para su aprobación se refiere a una modificación del presupuesto vigente mediante crédito extraordinario y suplemento de crédito, por un importe total de 585000,00€ financiado con Remanente Líquido de Tesorería para gastos generales procedentes de la Liquidación del ejercicio 2017.

2º.- El Ayuntamiento de Otero de Rey ya incumplió la regla de gasto en la Liquidación del presupuesto del ejercicio 2017, por lo que es necesaria la elaboración y aprobación de un plan económico financiero, de conformidad con lo previsto en el artículo 21 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, al cual nos remitimos en todo su contenido.

El propio informe de intervención dice que la competencia para la aprobación del plan económico financiero corresponde al Pleno de la Corporación, de conformidad con lo dispuesto por el artículo 23.1 y 4 de la LOEPSF.

3º.-CONCLUYENDO.- Por todo lo expuesto, y a pesar de que la constatación del incumplimiento se produce con la Liquidación del presupuesto y que en el presente informe sólo constan previsiones; con todo, y teniendo en cuenta que la Corporación ya incumplió la regla de gasto en la Liquidación del presupuesto del ejercicio 2017, esta intervención advierte de la necesidad de adopción de medidas correctoras del gasto que permitan cumplir a 31 de diciembre con los principios de estabilidad presupuestaria y regla del gasto.

Por todo lo expuesto, proponemos al Pleno Municipal de Otero de Rey el debate y aprobación de la siguiente

MOCIÓN:

Que se proceda por esta Corporación Municipal a la aprobación en este Pleno correspondiente al mes de noviembre del año en curso la elaboración y aprobación de un plan económico financiero de conformidad con lo previsto en el artículo 21 de la ley orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera con el fin de de dar cumplimiento a lo establecido en esta ley tal y como dicen los informes de intervención de fecha de 21/09/2018”.

O Alcalde expón que, froito da xestión económica do equipo de Goberno, o Concello durante a crise logrou prestar os servizos cun alto nivel de calidade e, ao tempo, lograr resultados orzamentarios positivos, acumulando remanentes de tesourería.

Neste contexto de crise, no ano 2012, e a fin de evitar o descontrol do gasto público, aprobouse unha norma que disciplinaba o incremento interanual do gasto público que se chama regra de gasto.

Este Concello, que gracias ao control do gasto público disfrutou sempre de unha situación económica saneada e que non ten débeda financeira algunha, empregou os remanentes de tesourería para o financiamento de determinadas actuacións en beneficio dos veciños.

A utilización de estos remanentes de crédito, a pesares de carecer de débeda algunha, implica a superación da regra de gasto. Nestos supostos, a Lei prevé que se debe aprobar un plan de saneamento económico-financieiro, que é o que se presenta neste Pleno.

O Alcalde insiste en que se dispuxo dos aforros acadados nos últimos tempos (remanentes de tesourería), pero que non implica que se gaste máis do que se ingrese.

Tamén afirma que esta regra, tal e como está formulada, non é moi xusta, xa que os concellos que carecen de débeda e disfrutan de unha facenda saneada, deben poder adicar todos os seus excedentes a prestar servizos aos cidadáns.

O vicevoceiro do BNG comparte co Alcalde o inapropiado de esta norma, e considera que o Goberno de Madrid non é quen de decidir a qué adican os seus cartos os concellos, xa que vulnera a autonomía local.

Tamén recorda que os concellos foron as Administracións máis perxudicadas pola política de recortes impulsada polo PP, e que foi o PSOE co apoio do PP quen reformou a Constitución para elevar a rango constitucional o principio de estabilidade orzamentaria.

Foi no ano seguinte cando se aprobou a denominada Lei Montoro, Lei que implementa na Administración Local unha lóxica empresarial baseada nos beneficios, que no eido administrativo é perversa xa que esquece que as Administracións están para prestar servizos aos cidadáns e non para acadar superhábits financeiros.

Se o Concello de Outeiro de Rei dispón de superhábit, non se entende porqué non se poden adicar ditos cartos a prestar servizos á cidadanía. O BNG está en contra da regra de gasto, e máxime cando se trata de unha Administración que dispón de contas saneadas. Unha cousa é que non ten recursos non gaste máis do que ingresa, e outro que

as Administracións que ingresan máis que gastan que non poidan adicar os seus excedentes a prestar servizos públicos.

A situación actual víase vir, xa que o Concello nos últimos exercizos non estaba a executar satisfactoriamente os orzamentos, e tal circunstancia foi posta de manifesto neste Pleno polo grupo municipal do BNG.

E esta falla de execución orzamentaria, tal e como está configurada a regra de gasto, implica que o nivel efectivo de execución orzamentaria marcará o nivel de gasto para o exercizo anterior, polo que si nun ano se gasta pouco (menos do oramentado) ao ano seguinte non se poderá gastar máis.

Por tal motivo, agora o Concello incumpre a regra de gasto. Pero este incumprimento xa se produxo antes, concretamente na liquidación do ano 2015, e por aquel entón non se fixo nada.

En efecto, a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria prevé que, no prazo de un mes dende a constatación do incumprimento, o Concello debe presentar un Plan de Económico-Financeiro. No Informe de Intervención de xuño de 2016, relativo á liquidación do exercizo 2015, advertíase do incumprimento da regra de gasto.

A pesares de que tal incumprimento se constatou no ano 2016, o Goberno non presenta o Plan até agora, en novembro de 2018, para que o seu cumprimento condicione a seguinte Corporación municipal, e vulnerando os prazos establecidos na lexislación orgánica.

A voceira de FLI expresa o seu malestar pola actitude do Alcalde de obstruir a labor de control da oposición, xa que na Comisión Informativa negouse a que os concelleiros da oposición preguntaran as súas dúbidas directamente á sra. Interventora, nun alarde de falla de transparencia.

Tamén recorda que a sra. Interventora, en resposta á pregunta formulada pola concelleira de FLI, confirmou que o Plan Económico Financeiro era de imposible cumprimento no presente ano 2018.

Por outra banda, en setembro de 2018, e cando xa se coñecía que se superaba a regra de gasto, o Alcalde presentou neste Pleno unha modificación de crédito por máis de 600.000 euros e que afondaba no incumprimento da regra de gasto e que, consecuentemente, non se podía aprobar, tal e como informou a Interventora.

Nese intre advertíuse non se podía aprobar a modificación de crédito e que o que se debía facer era aprobar un Plan Económico Financeiro, e a pesares delo aprobeuse.

Non é un argumento válido que os cartos dos que dispón o Concello deben invertirse nos veciños, xa que tales cartos deberon invertirse no seu momento, e non deixar todo para os meses antes das eleccións aínda que elo implique saltarse a lexislación de estabilidade orzamentaria.

Conclúe que a infracción da regra de gasto é unicamente culpa do Alcalde, que non invertiu os cartos cando tiña que invertilos, á espera de gastalos xusto antes das eleccións aínda que sexa ilegal.

O Alcalde desminte que nos últimos anos non se fixera nada, así como que na Comisión Informativa se obstaculizara a labor da oposición, lamentando que non se gravara para que os veciños poidesen xulgar.

Afirma que o BNG casi coincidiu en todo cos argumentos esgrimidos por este voceiro, se ben convén matizar que a lexislación aprobada a iniciativa polo PP foi necesaria para saír da situación desastrosa á que nos levou un goberno de esquedas, por máis que é certo que a norma debeu prever a excepción das Administracións que non teñen débedas.

Insiste en que si se chegou a esta situación foi porque o equipo de Goberno foi quen de prestar servizos satisfactorios sendo cauteloso no gasto nun contexto de crise económica, e por iso acadou estos aforros que deben revertir en prol dos veciños.

A voceira de FLI toma a palabra e pregúntalle á Interventora cando se constatou o incumprimento da regra de gasto, ao que a Interventora resposta que con ocasión da liquidación do orzamento, no mes de maio.

A voceira pregunta se, consecuentemente, se é a partir de maio cando conta o prazo de un mes para presentar o Plan Económico-Financeiro e, polo tanto, nestes intre rebasouse dito prazo e se está a incumprir a lei. A Interventora resposta afirmativamente.

A voceira de FLI conclúe que, polo tanto, non son os concelleiros da oposición os que minten cando afirman que o Alcalde está a incumprir a lei, senón o Alcalde cando afirma que sí que a cumpre.

Remata afirmando que este Plan é de cumprimento imposible, tal e coma xa informou a sra. Interventora, e que neste asunto constátase que, una vez máis, tráelle sen coidado outra lei que non sexa a súa lei particular.

O Alcalde desminte as afirmacións verquidas pola voceira de FLI, e pregúntalle ao Secretario se é necesario aprobar o Plan Económico Financeiro con carácter previo á aprobación da modificación de crédito, ao que o Secretario resposta que non é necesario.

Conclúe que nin a aprobación da modificación de crédito foi ilegal, nin o é a aprobación do Plan Económico Financeiro, así coma que a superación da regra de gasto carecendo de débeda pública tampouco implica unha lesión aos intereses públicos xa que o sentido común non se pode opoñer a que unha Administración sen débeda e con superhábit o poida adicar á prestación de servizos públicos.

O vicevoceiro do BNG manifesta a súa preocupación polo incumprimento sistemático da lexislación polo equipo de goberno, xa que se aproban os orzamentos, as contas e o plan económico-financeiro fora de prazo, e se traslada unha imaxe de improvisación lamentable.

No que atinxe á afirmación verquida anteriormente, os números son teimudos: na liquidación do ano 2015, sobor un orzamento de 5.800.000 euros, con dereitos recoñecidos de pouco máis de dous millóns, e unhas débedas recoñecidas de pouco máis

de dous millóns. Estes números poñen de manifesto un enorme desfase entre os orzamentos e a execución orzamentaria.

Por outra banda, a regra de gasto se calcula sobor os orzamentos executados, non sobor os aprobados. Por iso agora incúmprese a regra de gasto, e por iso chegou a finais da lexislatura con gran remanente para a súa utilización electoralista.

Engade que estes remanentes empregáronse en setembro a pesares de que a Interventora advertiu que a aprobación do suplemento de crédito implicaba a vulneración dos principios de sustentabilidade financeira e a regra de gasto. E a pesares delo o aprobou igualmente. Deulle igual.

O BNG considera que máis aló de tecnicismos, é consciente de que a xente o que desexa é que se mellores os servizos. Asemade, o BNG está en contra da regra de gasto tal e como está configura, pero tamén está en contra de saltarse a lei coma fai o Alcalde, por iso anuncia a súa abstención.

O Alcalde considera que a lei prevé que, si se excede a regra de gasto, deberá aprobarse un Plan Económico Financeiro, polo que a lei está recoñecendo que se pode saltar, se ben o anuda a unha consecuencia concreta.

Insiste en que o Concello carece de débeda, e a regra de gasto saltouse para gastar os cartos dos que dispón o concello, non dos que non dispón.

Acerca do grao de execución orzamentaria, as inversións feitas están á vista de tódolos veciños. E se non se invertiu máis foi por falla de recursos financeiros e pola ausencia de compromiso de outras Administracións.

Cita o caso da Deputación de Lugo, que durante os oito anos do anterior goberno socialista este Concello percibía unicamente 15.700 euros anuais máis outros 8000 para servizos sociais, namentres transfería contías enormes aos concellos gobernados polo partido socialista.

Da por finalizado o debate, e alédase de que ningún criticara o Plan Económico Financeiro, senón que se limitan a falar de que se superou regra de gasto por empregar os remanentes de tesourería cando tódolos grupos políticos están de acordo en que había de empregalos.

Remata agradecendo ao equipo económico o traballo feito para formular este plan.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación do Plan Económico-Financeiro.

Realizada a votación, o Plan resulta aprobado con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e cinco abstencións.

A continuación, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal de FLI.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais de FLI, BNG e máis PSdG-PSOE, e oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

6.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2017

O Alcalde pon de manifesto a proposta de aprobación da Conta Xeral, Conta que foi informada pola Comisión Especial de Contas o día 30 de agosto, e que arroxa un remanente de tesourería de 1.100.000 euros.

Explica que este remanente de tesourería a día de hoxe non está dispoñible, xa que refírese a gastos comprometidos pero que non deron lugar a obrigas recoñecidas, así coma ao remanente que foi empregado nos expedientes de suplemento de crédito recentemente aprobados. Por tal motivo, os remanentes actuais son moi pequenos.

A voceira de FLI advirte que, unha vez máis, está a incumprir a lei incumprindo os prazos legais.

Pregunta en qué grao de execución se atopan os investimentos programados para o ano 2017.

O vicevoceiro do BNG pregunta porqué agora recibiron o acta da Comisión Especial de Contas por vez primeira.

O Secretario, explica que non sempre da tempo a redactar a acta das comisións antes dos Plenos, pero que as actas están á disposición dos concelleiros.

O concelleiro do BNG relaciona unha morea de erros existentes na Conta Xeral e que foron postos de manifesto na Comisión Informativa.

Tamén advirte que existe nuevamente un enorme remanente de crédito (máis de un millón de euros) ao tempo que un escaso nivel de execución orzamentaria (67%), e tamén dos ingresos (68%).

A propia Conta Xeral recoñece que incumpre a regra de gasto, e curiosamente se trata despois, e non antes, da aprobación do Plan Económico-Financeiro.

Recorda unha vez máis que o artigo 212 do TRLHL establece que “La cuenta general formada por la Intervención será sometida antes del día 1 de junio a informe de la Comisión Especial de Cuentas de la entidad local”, polo que no presente caso someteuse á Comisión Especial de Contas con máis de tres meses de retraso.

Engade ese artigo que a Conta Xeral será sometida ao Pleno para a súa aprobación antes do día 1 de outubro. Hoxe é día 22 de novembro, polo que nuevamente se vulnera a Lei.

As contas non cadran, e cita a Castelao, quen dí que “Os números non enganan, pero poden enganar quen os fan”.

O Alcalde recórdalle que sempre están os documentos a disposición dos concelleiros, outra cousa é que sempre se lles envíen sempre as súas casas, pero no concello sempre están a súa disposición.

É certo que se aproban uns días tarde, pero tamén chegan tarde os orzamentos xerais do Estado, pero existen certas limitacións de personal que impiden facelo antes.

É certo que os números non engañan, pero os funcionarios que os fan tampouco. E os números permiten constatar que existe unha estabilidade económica total.

Os erros citados polo concelleiro do BNG xa están corrixidos.

O concelleiro do grupo municipal do BNG insiste en que se incumpre a lei sistemáticamente. Se calquera de nos se salta o prazo de presentación do imposto da renda enseguida están enriba de nos.

No que se refire aos números, a Conta permite constatar que, se ben o gasto por habitante é superior aos 900 euros. Agora ben, se vamos á inversión por habitante, quedámonos en 248 euros por habitante. Ésta é a realidade.

A voceira de FLI afirma que a súa postura non ten cor política, senón que defenden os intereses de tódolos veciños do concello.

O Alcalde informa que tódolos concelleiros de este Pleno de tódolos grupos municipais o fan.

A voceira de FLI considera que a xestión do equipo de goberno é nefasta, xa que se salta sistamáticamente a Lei en función dos seus intereses políticos particulares. E todo iso dun xeito absolutamente incoherente e con absoluta falla de transparencia.

En relación á transparencia, o Alcalde pon coma exemplo o feito de que as sesións se gravan para que os veciños poidan ver en todo momento o que dí cadaquen.

En relación ás contías investidas por habitante ás que fixo referencia o concelleiro do BNG, o Alcalde recorda que unha cousa é a contía gastada por habitante e outra a contía investida, xa que toda a contía gastada computase como investimento non se poderían facer máis que obras e terían que deixarse de prestar servizos (auga, lixo, deportes, servizos sociais, cultura... etc.).

En resposta á pregunta de FLI, cita as obras contidas na modificación de crédito aprobada o ano pasado, informando que están todas rematadas.

A voceira de FLI pregunta se a obra faraónica do circuito de Karts está rematada.

O Alcalde resposta que non é faraónica e que está rematada e soamente falla algo por pintar e a poden visitar cando queiran.

Advirte finalmente que a única irregularidade citada refírese a que as Contas se aproban con uns días de retraso, pero sin citar irregularidade algunha no que atinxe á xestión económica.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da Conta Xeral do exercizo 2017.

Realizada a votación, a Conta Xeral resulta aprobada con oito votos a favor e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais de BNG, FLI e PSdG-PSOE.

7.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE FLI

A concelleira do grupo municipal de FLI Juana Romero inicia a defensa da moción presentada polo grupo municipal FLI do seguinte tenor literal:

“Moción que presenta el grupo municipal Foro Lugo Independiente de Outeiro de Rei, para su inclusión en el orden del día del próximo pleno del ayuntamiento para que se conecten con la red general del alcantarillado las aguas residuales de las viviendas de los vecinos de Robra a los que se les propuso realizar una obra de red de saneamiento público, todo ello al amparo de lo establecido en los artículos 91.4 y 97.3 del real decreto 2568/1986 de 28 de noviembre por el que se aprueba el reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales y demás normativas de aplicación

DOÑA MARIA MAGDALENA RON VILLAR Y DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA, portavoz y viceportavoz de FLI en esa Corporación Municipal, de acuerdo con el presente escrito, presentan la siguiente MOCIÓN

Exposición de motivos

Por parte de este grupo municipal se tiene conocimiento a través de entrevistas mantenidas con distintos vecinos de la parroquia de Robra, que ha habido una serie de reuniones entre el grupo de gobierno de este Concello y los citados vecinos, a los que se les propuso realizar una obra de red de saneamiento público para dar servicio a sus propiedades sitas en la vía que transcurre desde la N-VI a la parroquia de Bonxe, siendo condición que cada vecino aportase por adelantado la cantidad de mil euros, que en caso de no hacerlo en este momento se quedarían sin este servicio dado que se aprovecharía el asfaltado que se realizaría en la citada vía y que no se iba a estar levantando para cada ocasión, por lo que accedían de esta manera o se quedarían sin el servicio; por parte de las personas del Equipo de Gobierno se informó a los vecinos que el Concello no disponía de remanente para poder hacer frente a este tipo de obras y que una vez se realizase la obra y en un breve plazo se haría el entronque con cada vivienda.

Ante estas manifestaciones causa extrañeza en este grupo municipal los hechos narrados, máxime cuando el Sr. Alcalde ha manifestado en el transcurso de diversos plenos celebrados durante los años 2016 y 2017, la no previsión por su parte de este tipo de obras para esta legislatura, también causa extrañeza en este grupo que el Sr. Alcalde que presume de su gestión administrativa manifestando en diversas ocasiones la existencia de un remanente en las arcas municipales, ahora les comunique a los vecinos que no existen medios económicos para realizar la citada obra, teniendo que afrontar los gastos los propios vecinos; teniendo en cuenta que los vecinos de Otero de Rei pagan entronques de agua de mil doscientos euros siendo de los más caros de España y un IBI de los más altos, y que el Sr. Alcalde siempre ha justificado que es para ayudar a paliar este tipo de servicios.

Por lo expuesto, proponemos al Pleno Municipal de Otero de Rey el debate y aprobación de la siguiente moción:

MOCIÓN:

Que por parte del Sr. Alcalde de Otero de Rey y al objeto de cumplir con lo prometido a los vecinos de Robra afectados por lo anteriormente expuesto, proceda a iniciar los trámites necesarios para la realización de las obras de saneamiento público que ya han pagado por adelantado en la cantidad de 1.000,00€ cada vecino, y se conecten con la red general del alcantarillado las aguas residuales de las viviendas de estos vecinos de Robra a los que se les propuso realizar dicha obra de red de saneamiento público. Comprometiéndose a poner fecha en la que se va a realizar el citado entronque a la red de saneamiento público de las propiedades de los vecinos que así lo deseen”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do BNG, quen recorda as propostas reiteradas polo BNG neste pleno acerca da cuota de enganche aos servizos municipais así coma sobor a necesidade de levar o servizo de saneamento a todo o concello. No que atinxe ao contido concreto da moción, parécelle increíble que o concello cobrase por adiantado aos veciños os mil euros esixidos para prestarlles o servizo e a día de hoxe estén todavía sen servizo. Xa que pagaron deben ter inmediatamente o servizo.

Remata insistindo en que debe levarse este servizo á meirande parte dos núcleos do Concello.

O Alcalde recorda que este Goberno levou o servizo de abastecemento de auga a todo o concello. Todas as parroquias teñen acceso ao servizo, cando o propio concello de Lugo, con preto de 100.000 habitantes, non levou o servizo a tódalas parroquias.

Por suposto que o Concello ten cartos para levar o saneamento a Robra sen aportación dos veciños, pero non o ten para levalo as restantes parroquias. E claro que lle gustaría levar o saneamento a Robra e as restantes parroquias sen cobrar nada, pero non pode ser porque os cartos son limitados e porque o concello ten que seguir a prestar os restantes servizos.

No que atinxe a Robra, o Alcalde afirma que falou foron os veciños os que lle propuxeron facer a rede de saneamento xa que o colector pasaba preto de alí, ao que o Alcalde lles contestou que podería estudiarse e condicionarse a que se atopase o financiamento suficiente.

Asemade, na reunión que tivo cos veciños informoulles que nese intre estaba adxudicada a rexeneración da estrada que leva a Robra, polo que si se facía o saneamento tiña que facerse de inmediato (antes que a estrada, xa que non tería sentido facer a estrada para pouco despois ter que desfacela totalmente), e que tería que facerse en dúas fases: primeiro o trame que chega ao núcleo (a fin de non demorar a execución do contrato de rexeneración da estrada), e despois o tramo que o conecta ao colector pola N-VI.

Tamén informouse aos veciños que únicamente podería facerse si financiaban parte da obra, aportando a contía de 1000 euros por veciño. Aínda con tal aportación, o Concello está a facer unha discriminación positiva a favor dos veciños de Robra e fronte aos veciños do resto do Concello, xa que a aportación veciñal cubre unha parte pequena

do custe total da obra e o saneamento non se poderá levar ás restantes parroquias polo custe que ten.

Desminte que o Concello teña un dos IBI máis altos. O Concello ten un dos IBI máis baratos, co 0,45%. E polo que se refire ao custe do entronque, recorda que abrangue a totalidade das obras para a conexión dende a rede, o que pode implicar unha derivación de 500 metros e custarlle ao concello 4 ou 5000 euros, ou de 5 metros, custando uns 300 euros. Pero deste xeito non se penaliza á xente que vive no rural, e que tería que facer pola súa conta obras muy custosas para acceder ao servizo.

Aínda cobrando 1000 euros a cada veciño pola implantación do servizo de evacuación de augas residuais, o Concello non terá capacidade económica nos próximos anos para implantar o saneamento nas parroquias máis próximas ao colector (Santa Mariña, Matela, Silvarrei e Guillar).

Nas restantes parroquias sería impensable. Por exemplo, na parroquia de Folgueira (onde vive), se o concello fixese o saneamento de xeito gratuito para os veciños e éstos tivesen a responsabilidade de mantelo, terían que pechalo porque lles sería inviable economicamente.

Remata informando que a día de hoxe está contratado o tramo que resta por facer, polo que será cuestión de meses a súa execución e a entrada en funcionamento do servizo.

O voceiro do BNG afirma que existen veciños de Robra que tiveron que pagar 1000 euros para que lles presten un servizo básico, e existen outros que non tiveron que pagar para que lles presten o mesmo servizo, como os de Outeiro ou das urbanizacións.

Tamén é obxectivo que os veciños pagaron e, a día de hoxe, non pagaron o servizo. É como mercar un coche, pagalo, e non recibilo.

Por outra banda, aos veciños díxoselles que o Concello non tiña cartos para facer a obra, o que non é certo. E claro que os veciños aceptaron a proposta de pagar 1000 euros. Trátase de un servizo básico, así que aceptan as condicións que lles poñan diante.

A concelleira Juana Romero pregunta cuántos veciños quedaron fora por non pagar os 1000 euros.

O Alcalde afirma que non dixo que o concello non tiña cartos cando o Concello invirte tódolos anos máis de un millón de euros. O que se lles explicou foi que o Concello carece de capacidade para levalo ás diferentes parroquias e que a obra custaría máis de 100.000 euros, polo que se considera xusto que financien parte da obra.

A voceira do PSdG-PSOE non entende cómo sendo un servizo básico e tendo o concello cartos porqué non presta o servizo gratuitamente.

O Alcalde respóstalle que porque dese xeito soamente podería prestarse a uns poucos. E pon o como exemplo o Concello de Lugo, ten a conexión ao servizo de auga máis barata que en Outeiro de Rei, pero o servizo non se presta nunha morea de parroquias.

A concelleira do PSdG-PSOE afirma que por moito que chegue o servizo de auga as parroquias, se os veciños non poden pagar o enganche porque é carísimo, é tanto como non ter servizo de auga.

O Alcalde respóstalle ao voceiro do BNG que as empresas que desenvolveron as urbanizacións executaron e custearon íntegramente os colectores e a rede de saneamento, sen recibir subvención algunha por iso. E claro que os que mercaron as vivendas non tiveron que pagar o entronque, xa que que fixo as vivendas xa pagou por eles e llos repercutiu no custe das vivendas. É igual que si merca unha vivanda en Robra a un veciño que aportou os 1000 euros. O novo comprador non terá que pagalos novamente.

Por outra banda, os colectores que fixeron as empresas que desenvolveron as urbanizacións, o custe de levar o saneamento a Robra duplicaríase.

Resposta á concelleira de FLI que quedaron moitos veciños de Robra sen conectar, xa que Robra é moi grande. De feito, quedan máis sen conectar que conectados.

Remata afirmando que cumpriu os compromisos cos veciños de Robra, e que seguirá a traballar polo benestar de tódolos veciños do concello.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da Moción.

Realizada a votación, a Moción resulta rexeitada con oito votos en contra e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais de BNG, FLI e PSdG-PSOE.

8.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

O vicevoceiro do grupo municipal do BNG inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN PARA QUE O PLENO DO CONCELLO DE OUTEIRO INSTA Á XUNTA DE GALICIA A QUE ARRANXE OS CARRILES DE SERVIZO DA ESTRADA LU-113 DE OUTEIRO A CASTRO E CONSTRÚA UNHA SENDA VERDE ATA A VILA DE OUTEIRO AO LONGO DESTA ESTRADA

Exposición de motivos:

Hai uns vinte días remataron as obras na estrada LU-115, que une as localidades de Outeiro de Rei e Castro. En total rehabilitáronse dez quilómetros de vía (nove deles no noso concello) entre a N-VI á altura de Outeiro e a LU-113, en Castro. Os traballos consistiron no asfaltado da vía e a construción dun paso de peóns en Outeiro, servizo demandado polo BNG. Para a sorpresa da cidadanía, nestes traballos non se tocaron

para nada as vías de servizo que presentan unha situación moi precaria, o estado do firme é practicamente intransitable, habendo gran cantidade de fochancas (baches), conlevando un grave perigo para a circulación.

O trazado destas vías conta cunha orografía propicia para acondicionar unha senda paralela á estrada para que os peóns e ciclistas poidan desprazarse con seguridade durante este tramo. Coa construción de dita senda o tránsito de peóns e ciclistas quedaría perfectamente separado do de vehículos a motor. Ademais de protexer ao peón, estaríamos promovendo modos de desprazamento non contaminantes e alternativos ao vehículo particular. Coa realización de dita obra solucionarase unha demanda que os veciños e veciñas da zona veñen solicitando desde hai tempo.

Desde o BNG consideramos que a Alcaldía debe realizar as xestións pertinentes para que ditas obras se leven a cabo. Un Goberno Municipal debe caracterizarse por ser unha ferramenta ao servizo da cidadanía, por procurar o benestar para todos e todas.

É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política do BNG de facer sempre propostas construtivas para mellorar as condicións de vida das persoas do concello, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

1. Que desde o Concello se fagan as xestións precisas diante da Consellería competente para o arranxo de ditas vías de servizo co fin de restablecer a normalidade do tráfico rodado.

2. E así mesmo, realizar as dilixencias necesarias ante a autoridade competente para a construción de dita senda verde ao longo desta estrada ata a propia vila de Outeiro”.

A voceira de FLI manifesta estar de acordo totalmente co contido da moción.

O Alcalde afirma que as vías de servizo non están en malas condicións ou, polo menos, non teñen malas fochancas, polo que non comparte o contido da moción sobre este punto.

No que se refire á senda verde, este Concello comparte a idea de aproveitar estas sendas para que circulen por elas no soamente vehículos agrícolas senón tamén peóns ou bicicletas, xa que a vía principal é perigosa pola velocidade dos vehículos.

Por tal motivo, o Goberno leva traballando neste asunto dende fai tempo, e pode anunciar que xa existe un proxecto redactado para levalo a cabo, e que abrangue unha pasarela para salvar a vía do ferrocarril e unha solución para salvar o polígono de Matela construíndo unhas aceras. Isto ten un orzamento de 415.235 euros, o proxecto está en supervisión técnica e espera que o proxecto se poida levar a cabo máis pronto que tarde.

O vicevoceiro do BNG dalle os parabens por este proxecto e espera que se execute pronto, xa que realmente é moi difícil para os peóns caminar polo entorno do polígono.

O Alcalde propón enmendar a moción no sentido de instar a que se execute con prontitude o proxecto que está redactado e, no que se refire á conservación das vías de servizo, substituíndo a actual redacción por instar a que se realicen periódicamente as tarefas de mantemento.

O concelleiro do BNG non acepta, xa que por Sobrada as vías presentan en certos puntos deficiencias graves.

O Alcalde propón entón que se inste á reparación a medio prazo as vías de servizo.

O concelleiro do BNG acepta sempre que medio prazo sexa un prazo razoable.

Polo tanto, o contido dispositivo da moción quedaría redactado como sigue:

“1. Que desde o Concello se fagan as xestións precisas diante da Consellería competente para que a medio prazo se arranxen e manteñan en bo estado de conservación as vías de servizo.

2. Que se execute coa meirande premura posible o proxecto de construción de dita senda verde formulado polo Concello e cuxo orzamento ascende a 415.235 euros”.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG modificada pola enmenda formulada polo voceiro do PP.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

9.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

O voceiro do grupo municipal inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL ELABORE UNHA ORDENANZA PARA A REGULACIÓN DO USO DAS INSTALACIONES DEPORTIVAS EXISTENTES NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS Resulta unha realidade que os investimentos en actividades e instalacións deportivas foron en aumento dun xeito espectacular nos últimos anos, dedicando varios centos de miles de euros á súa construción, así como outros varios miles de euros para mantemento deste tipo de instalacións e sustentos dos clubs.

Neste momento o concello conta, entre outras instalacións, con catro campos de fútbol, un pavillón polideportivo así como varias pistas polideportivas, así como convenios con entidades privadas para o uso das súas instalacións.

Tamén resulta evidente que todos estes fondos saen dos petos das veciñas e veciños, que co seu traballo e esforzo económico pagan os impostos que logo, a través das decisións políticas, van parar aos distintos servizos ou infraestruturas, neste caso a instalacións deportivas no concello de Outeiro de Rei.

Así mesmo, hai que ter en conta que nun país democrático toda a cidadanía ten que coñecer de antemán cales son os seus dereitos, non dependendo estes da vontade ou da decisión arbitraria que poida ter o gobernante que nun momento dado lle tocou estar nese posto de responsabilidade.

Este razoamento é perfectamente aplicable ao uso destas instalacións deportivas do concello de Outeiro, pois dado que as pagamos entre todas as persoas do concello, toda a veciñanza ten que saber tamén cando e como ten dereito a poder usalas.

Este dereito de uso nunca pode depender exclusivamente da vontade do Alcalde que lle toque exercer nese momento, pois é un dereito inviolable da cidadanía. O uso destes bens públicos non pode depender da cor, da relixión, do lugar de nacemento, da ideoloxía política ou das simpatías deportivas das persoas que o queren exercitar, así como tampouco da vontade que poida ter o Alcalde ese día, senón que de antemán toda persoa ten que coñecer cales son.

A pesares de todo iso, no concello de Outeiro de Rei atopámonos con todas estas instalacións deportivas sen ningún tipo de regulamento coñecido que indique como e de que maneira poden ser utilizados polas veciñas e veciños do concello, dependendo o seu uso do permiso que dun xeito persoal “outorga” o señor Alcalde para poder utilizalas.

É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política do BNG de facer sempre propostas construtivas para mellorar as condición de vida das persoas do concello, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno esta MOCIÓN, proponendo a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde e ao Goberno Municipal para que coa maior brevidade posible elabore o poña en funcionamento unha ordenanza que regule o uso de todas as instalacións deportivas existentes no concello para que toda a veciñanza poida ter acceso ao uso destas instalacións en igualdade de condición”.

As concelleiras dos grupos municipais de FLI e PSdG-PSOE manifestan a conformidade co contido da moción.

O Alcalde agradece o recoñecemento do esforzo inversor en equipamentos deportivos, pero considera que, estando a seis meses de unhas eleccións, non ten sentido iniciar a elaboración de un reglamento para a súa aprobación dentro de dous ou tres meses para que o aplique a seguinte corporación. Por iso considera que os reglamentos desta natureza deben formularse a principios de lexislatura.

Por outra banda, afirma que non hai problema de equipamentos deportivos para atender as posibles demandas que poidan xurdir de novos equipos ou asociacións, e o día que o haxa este Alcalde estará preocupado para poder satisfacela.

A concelleira do PSdG-PSOE considera vergoñoso que o Alcalde se excuse na cercanía das eleccións para coartar toda iniciativa.

A voceira de FLI considera pouco coherente que neste Pleno o Alcalde propoña a aprobación dun Plan Económico Financeiro que non se vai a aplicar neste ano 2018 e que se vai ter que comer a seguinte corporación, e non considere axeitado aprobar unha ordenanza de uso de instalacións deportivas polo feito de que o terá que aplicar a seguinte corporación.

O voceiro do BNG recorda que en esta mesma sesión plenaria aprobarónse dúas ordenanzas que, como é lóxico, terá que aplicar a seguinte corporación, polo que carece de toda lóxica o argumento plantexado para non respalda a moción.

Por outra banda, unha ordenanza de uso de instalacións deportivas é necesaria para o normal funcionamento do concello, con esta ou coas próximas corporacións, xa que é básico que calquer veciño poida coñecer de antemán qué ten que facer, a quen ten que dirixirse para utilizar un equipamento deportivo público e cáles son os seus dereitos, sen ter que pasar polo despacho do Alcalde ou do Concelleiro de turno para pedir o favor.

O Alcalde considera que non se pode comparar a necesidade de aprobar unha ordenanza para implantar un programa de servizos sociais, que é un servizo que a xente necesita moitísimo, coa ordenanza de uso de unhas instalacións deportivas que existen e xa se están utilizando polos veciños.

Por tal motivo, non existe motivo algún de urxencia e, por tal motivo, non formularán un proxecto de ordenanza que condicione á corporación seguinte.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do PP, e cinco votos a favor.

10.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP

O voceiro do grupo municipal do PP inicia a defensa da seguinte moción:

“JOSE PARDO LOMBAO, na súa calidade de voceiro do Grupo Municipal Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguintemoción relativa á subida do imposto ao diésel que se basea nesta

Exposición de motivos:

España, cunha produción próxima aos 3 millóns de vehículos (Galicia: máis de 400.000 vehículos ao ano e contamos coa segunda factoría máis produtiva de España}, é o segundo fabricante de automóviles de Europa e oitavo do mundo, cun impacto moi importante para a nosa economía, xa que representa o 8,6% do PIB, para a balanza comercial, exportamos 8 de cada 10 vehículos que producimos, cun valor total que supera os 37.000 millóns de euros e, sobre todo, na creación de emprego xa que é responsable do 9% do emprego total, de forma directa e indirecta en toda a cadea de valor.

Tendo en conta que o 42% dos vehículos fabricados no noso país son diésel (en Galicia, representa o 75% da produción de vehículos}, parécenos unha irresponsabilidade que o goberno socialista haxa emprendido unha guerra contra esta tecnoloxía, cuxo máximo expoñente foron as declaracións da Ministra de Transición Ecolóxica sinalando que "o diésel ten os días contados".

Non entendemos que se poña en risco o futuro de 40.000 traballadores e 17 fábricas no conxunto de España, e de máis de 6.000 traballadores e da planta de produción de vehículos en Galicia, que se manteñen grazas á produción de vehículos diésel, ademais de todo o emprego xerado na industria auxiliar.

Compartindo a necesidade de reducir as emisións e cumprir con nosos compromisos internacionais, eremos que o foco hai que poñelo nos vehículos máis contaminantes, e estes non sempre son os vehículos diésel. Un vehículo diésel moderno, que cumpre coa normativa Euro 6, é menos nocivo e contaminante que un vehículo de gasolina equivalente, e moito menos que calquera vehículo de gasolina con máis de 10 anos de antigüidade.

Non se pode, polo tanto, demonizar unha tecnoloxía que é tan importante para o noso país desde o punto de vista produtivo, poñendo en risco miles de empregos. Calquera cambio hai que facelo de forma gradual e ofrecendo alternativas.

E se isto é así desde o lado da oferta, outro tanto ocorre cando o vemos desde o punto de vista dos consumidores. A subida do imposto ao diésel ten un ánimo meramente recadador, está demostrado que non produce un cambio no consumo enerxético, e afecta directamente ás familias, autónomos e pemes.

En España hai 17 millóns de propietarios de vehículos diésel (en Galicia 200.000), incluídos os 600.000 que compraron o seu coche diésel en 2017 sen saber "que o diésel ten os días contados". Un uso razoable de 20.000 quilómetros ao ano, cun consumo medio de 6 litros e 10 céntimos de subida por litro, supón un pago extra de 120 euros ao ano. A elo hai que engadirlle os miles de fogares españois, especialmente de zonas rurais e illadas, que utilizan sistemas de calefacción que utilizan gasóleo como combustible e que verán incrementada a súa factura os meses de inverno 36-38 euros.

Adicionalmente, hai máis dun millón de agricultores cuxa maquinaria está movida por este tipo de combustible: 62.000 cosechadoras, 280.000 moto máquinas e 1.100.000 tractores, entre outras.

Ademais, segundo a Asociación de Traballadores Autónomos (ATA) máis de 200.000 autónomos traballan grazas aos seus coches ou furgonetas de tracción diésel. Entre eles, hai nada menos que 40.000 taxistas e 20.000 repartidores.

Pero tamén hai 25.000 axentes comerciais e miles de condutores de ambulancias, axentes de seguros, floristerías, traballadores da construción, empresas de movementos de terras e un largo etcétera de profesionais que requiren o uso do seu vehículo como unha ferramenta imprescindible para o seu traballo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Popular eleva ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei a presente moción relativa á subida do imposto do diésel e propónse a aprobación dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Goberno do Estado a que renuncie ao gravame sobre o diésel, aló menos, ata que se produza unha transición ordenada de tecnoloxías, polo impacto negativo que ten sobre o emprego e sobre as clases medias e colectivos máis vulnerables.

2º.- Instar ao Goberno do Estado a que só cando finalice ese período de transición, no caso de que se persista na intención de subir o imposto do diésel, se garanta que queden excluídos do mesmo todos os autónomos e profesionais, sen discriminación a ningún sector, e todos os colectivos vulnerables”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra a voceira do PSdG-PSOE, quen afirma que esta medida proposta polo Goberno do Estado está a mirar polo futuro, pola mitigación do cambio climático, e intégrase nun conxunto de medidas tendentes a suprimir a comercialización de vehículos de combustión no ano 2040, tomando medidas a vinte anos vista cando o Alcalde non é quen de tomar unha decisión que vaia máis aló de seis meses.

A proposta de lei de cambio climático e transición enerxética prevé baixar un 20% a emisión de CO2 en 20 anos e que, polo menos un 70% da electricidade sexa renovable. Neste camiño non estamos solos. Estados como Dinamarca, Irlanda ou Holanda xa o acordaron a supresión da combustión para o ano 2030, Noruega aínda antes. A proposta de Lei está na senda das proposta de Reino Unido ou Francia.

No eido privado, Volvo xa anunciou que a partir do ano que ven soamente venderá coches eléctricos, e Toyota deixará de vender vehículos diesel en Europa neste mesmo ano. Hoxe mesmo, na Voz de Galicia sae unha noticia na que PSA anuncia a electrificación de tódolos seus modelos.

A empresas adáptanse aos cambios tecnolóxicos e as necesidades tecnolóxicas, motivo polo cal no se producirá o desastre nacional que anuncia.

A voceira de FLI considera que a moción ten sentido. A transición enerxética ten boas intención pero a transición debe ser ordenada, tanto a nivel tecnolóxico coma a nivel económico.

O voceiro do BNG afirma que comparten a parte resolutiva da moción, xa que o imposto do Diésel é un imposto á clase traballadora. Agora ben, é innegable que o Diésel é o combustible de locomoción máis contaminante, e que contribúe innegablemente ao cambio climático e por tal motivo deben tomarse medidas si ou si.

Sendo necesario a adopción de medidas de transición tecnolóxica, non poden estar de acordo coa subida do imposto do Diésel, xa que a implantación de medidas de transición tecnolóxica debe ir pouco a pouco, orientando ao mercado, favorecendo a madurez de determinadas tecnoloxías e evitando que paguen os de sempre.

O Alcalde considera que para ser conscientes do cambio climático non é necesario penalizar o Diésel. Os membros do seu grupo consideran necesario a adopción de medidas que mitiguen o cambio climático pero éstas deberán basearse en tecnoloxías maduras, técnica e economicamente, pero non penalizando a empresas, autónomos e traballadores.

O día no que as tecnoloxías limpas sexan accesibles e teñan unhas prestacións suficientes será o momento de dirixirse a aqueles que teñen un vehículo diésel e dicirlles que en cinco anos deberán cambiar de vehículo, ou gravar o consumo de diésel. Pero antes non.

Rematado o debate, sométese a votación a moción.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con doce votos a favor e un voto en contra, pertencente á concelleira do PSdG-PSOE.

11.- ROGOS E PREGUNTAS

A continuación, o Secretario da lectura en viva voz aos seguintes rogos:

“DOÑA MARIA MAGDALENA RON VILLAR y DÑA. JUANA ROMERO GARCÍA, en su condición de concejales del Grupo Municipal Foro Lugo Independiente y con motivo de la convocatoria del próximo pleno ordinario a celebrar en el Ayuntamiento de Otero de Rey exponen:

Que se tiene conocimiento a través de distintos vecinos de este Concello que existe un malestar generalizado con respecto a la Sra. Arquitecta Municipal, dado que a la hora de intentar establecer contacto profesional con ella y a pesar de que ésta tiene dedicación exclusiva, únicamente presta atención al público los lunes de 10 a 14.

Se tiene constancia de que en reiteradas ocasiones algunas personas que han ido a solicitar sus servicios dentro del horario establecido, se han encontrado de que no estaba, llegando a su oficina más tarde de lo estipulado en su horario, incluso no estar en toda la mañana de un Lunes, o lo que es lo mismo que tiene el horario

que le da la gana, también es de destacar que a la hora de prestar la atención al público no se da cita por lo que se atiende por orden de llegada, con lo cual las personas que solicitan en sus respectivos trabajos el día, se arriesgan a perderlo dado que no existen garantías de ser atendidos, teniendo nuevamente que pedir otro día en el trabajo causándoles evidentemente un grave perjuicio por lo que se presenta ante el Sr. Alcalde el siguiente ruego.

A) RUEGO.- A efectos de facilitar la atención debida por parte de la Arquitecta Municipal a las personas que así lo soliciten, dado que es su obligación y teniendo en cuenta que en todo caso la misma tiene plena dedicación laboral en este Concello, se establezca un medio de cita previa, para que las personas que lo deseen sean atendidas y puedan solicitar el día en sus trabajos respectivos no perdiendo más días laborales de los necesarios y de esta manera al mismo tiempo se facilitaría a la Sra. Arquitecta un plan horario en el que podrá saber con antelación las entrevistas que se le solicitan pudiendo dedicarse el resto de días y tiempo a sus labores propias como Arquitecta Municipal”.

O Alcalde da lectura a relación de funcións desarrolladas pola arquitecta municipal, explicando que, por motivo do contido das funcións únicamente pode adicar un día á semana á atención ao público. No seu momento xa se valorou establecer un sistema de cita previa, pero este sistema non ten en conta que unhas consultas requiren de máis tempo para o seu análise que outras, polo que se podería atender a moita menos xente cada día.

A continuación dase lectura ao seguinte rogo:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alca l día o seguinte rogo referido a retirada do valado publicitario dun club de alterne existente no campo de fútbol municipal de Outeiro

Exposición de motivos:

O uso do corpo dunha muller como un simple reclamo publicitario é o exemplo máis significativo da sociedade machista na que vivimos. O seu uso en locais ou instalacións públicas representa un atentado contra toda política de igualdade na nosa sociedade e de loita contra a lacra da violencia de xénero.

Se esta publicidade a coloca unha Administración Pública nunha propiedade municipal, esta situación é a índa resulta máis bochornosa, lamentable e condenable.

Por se isto fora pouco, ao colocar esta publicidade nun recinto deportivo a onde as isten nenos e nenas, estase a incumprir tamén dun xeito claro a lei que regula a publicidade en instalacións deportivas.

É por todo iso polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego queremos presentar ante o Pleno desta Corporación para a súa toma en consideración por parte do Alcalde o seguinte ROGO:

Para que se retire de xeito urxente o valado publicitario do club de alterne existente no campo de fútbol de propiedade municipal existente en Outeiro de Rei .

Para que dende a Alcaldía se traia ao Pleno para a súa aprobación unha ordenanza para a regulación da publicidade nas propiedades de titularidade municipal do concello de Outeiro de Rei”.

A concelleira de deportes toma a palabra para por en valor o traballo da Sociedade Deportiva de Outeiro de Rei, cuxos componentes traballan desinteresadamente para sacar a diante este proxecto deportivo. O club non busca nin desexa ningún tipo de polémica, motivo polo cal retiraron o cartel, a pesares de que implica unha renuncia a unha fonte de financiamento do seu proxecto deportivo.

Lamenta que o BNG busque polémica e crispación, e bóttalles en cara que o cartel fose colocado fai catro anos e se acorden das mulleres uns meses antes das eleccións. Como din no rogo, tal proceder é “bochornoso, lamentable e condenable”.

Por tal motivo, non cree que co rogo pretendan axudar ás mulleres. Ao contrario, empregando a loita a prolo dos dereitos das mulleres como loita política se está a facer un fraco favor ás mulleres e a perxudicar á sociedade deportiva de Outeiro de Rei.

O único beneficiado da postura do BNG foi o local publicitado, que acadou publicidade gratuíta durante estos días.

O Alcalde anuncia que o cartel se retirará inmediatamente xa que así accedou a sociedade deportiva de Outeiro de Rei, a quen agradece a súa disposición e traballo.

O Secretario da lectura ao seguinte rogo:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte

Rogo referido a sinalización horizontal da estrada que conduce a guillar, xunto ao restaurante "GONZÁLEZ"

Exposición de motivos:

E un feito constatado que un dos punto de máis aglomeración de xente e vehículos que se produce no concello de Outeiro todos os días e na entrada a est rada de titularidade municipal que conduce á parroquia de Guillar así como as urbanizacións existente nesa zona, concretamente xunto ao restaurante "González".

Tamén é unha queixa xeneralizada da veciñanza a falta de sinalización horizontal existente nesa zona, pois non se percibe por onde discorre a estrada ou onde está o aparcadoiro do restaurante, producíndose conti nuamente unha situación de perigo tanto para os coches como para as persoas que por alí transitan.

É por todo iso polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego queremos presentar ante o Pleno desta Corporación para a súa toma en consideración por parte do Alcalde o seguinte ROGO:

Para que do xeito máis urxente posible se proceda a pintar a sinalización horizontal correspondente para delimitar correctamente por onde discorre a estrada municipal que vai dende a N-VI á parroquia e urbanizacións de Guillar, sobre todo na súa entrada ao carón do restaurante "González".

O Alcalde anuncia que próximamente se repintará ese tramo.

O Secretario da lectura ao último rogo presentado, do seguinte teor literal:

“Dona María Luisa Meilán Lombao, na súa calidade de voceira do Grupo Municipal do PSOE, ó abeiro da lexislación vixente, presenta diante do Pleno da Corporación o seguinte Rogo:

Exposición de motivos:

Na actualidade, en todo o Estado, o pediatra de atención primaria é o primeiro contacto dos nenos e adolescentes co sistema sanitario, é o especialista que soluciona máis do 90% das demandas de saúde desta poboación, supervisa o crecemento e participa en tódalas actividades de prevención da saúde dentro dos equipos de atención primaria por iso non se pode entender que neste Concello cunha poboación de 5.063 habitantes, dos que case un 10% son pequenos de 0 a 14 anos só teñamos un pediatra en horarion reducido, os venres de 9:30 a 13:30 é con cita previa.

Polo que se presenta ante o Ilmo. Ser. Alcalde o seguinte rogo:

Que este concello inste a Xunta de Galicia a reforzar este servizo de pediatría levando a cabo unha ampliación do séu horario pasando a ser semanal”.

A tenente de Alcalde, dona Begoña Seco Varela, informa que a Consellería non ten inconveniente en ampliar o horario de pediatría, pero o problema é que non hai pediatras.

Rematados os rogos, iníciase o tratamento dos escritos de preguntas presentados:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte pregunta referida as condicións impostas no concello de outeiro de rei ás persoas con capacidades diferentes para obter bonificacións no imposto dos seus vehículos

Exposición de motivos:

As bonificacións para as persoas con capacidades diferentes sobre o imposto de rodaxe de vehículos a motor é unha constante en case todos os concello do noso país.

Na maior parte deles, calquera persoa con estas características que teña un vehículo ao seu nome para o seu uso, obtén de forma automática a exención do pago deste imposto.

En Outeiro de Rei existe unha queixa xeneralizada de que as trabas, problemas e at rancos para conseguir esta exención son moito maiores, facendo incluso que haxa persoas que ou ben desistan de obter esta bonificación ou ben chegaran a empadroarse noutro concello para non ter estes problemas.

É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno de esta Corporación e para contestación por parte do Alcalde a seguinte pregunta:

Cales son os motivos polos que en Outeiro de Rei se poñen máis problemas e se piden máis requisitos para obter a exención do pago deste imposto que nos concellos da contorna?”.

O Alcalde nega que se esté a cumprir a legalidade ou a poner obstáculo algún, e pide ao Secretario que informe.

O Secretario informa que o TRLHL prevé a exención para uns concretos supostos e quen solicita a exención debe acreditar que concurren ditos supostos. Así o esixe a Lei. Sería ilegal non pedir que os titulares acrediten os supostos legais previstos.

O Secretario da lectura ao último escrito de preguntas presentado, e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte pregunta referida ao regreso do concello de Outeiro de Rei ao servizo de recadación da Deputación de Lugo.

Exposición de motivos:

No Pleno da Deputación de Lugo celebrado o pasado mes de outubro aprobouse que o custe do servizo de recadación da Deputación para os concellos pasara a ser cero, recaendo todo ese custe na propia Deputación.

Por outra banda, coa firme oposición do BNG, o concello de Outeiro de Rei está a destinar unha importante cantidade económica para pagar a unha empresa externa para facer ese traballo e, ademais, ten que manter cando menos a dúas persoas pertencentes ao persoal do concello para asesorar e axudar á cidadanía neste traballo.

Dado que agora que este servizo se vai dar dende a Deputación de Lugo sen ningún custe para o concello, nada xustifica perseverar neste sistema, volvendo a deixar o servizo de recadación de impostas do concello de Outeiro de Rei en mans da Deputación, estando a postura contraria, cando menos, ao carón da prevaricación.

É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde da seguinte pregunta:

¿Cando vai volver o Concello de Outeiro de Rei a integrarse no servizo de recadación da Deputación de Lugo?”.

O Alcalde resposta que non prevé que se faga, xa que considera que se presta mellor servizo atendendo no propio concello aos veciños do concello, e que ese mellor servizo se acada cun custe pouco superior ao 1% do importe da recadación. E recorda que fai pouco a Deputación cobraba o 6% pola recadación, tralo cal o baixaron ao 3%, ao 1% e, finalmente o suprimiu.

Insiste na importancia de que o Concello poida decidir cando se cobran os impostos aos veciños, de que se poida atender aos veciños no seu propio Concello, e na necesidade de mellorar a recadación executiva, xa que a xestión da recadación executiva pola Deputación era moi mellorable. De feito, incrementouse notablemente a recadación trala saída do convenio coa Deputación.

Remata que non é tan importante canto se recauda, como a calidade do servizo que se presta.

Non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión sendo as dezasete horas e dez minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

Asdo.: O Secretario

VºPº; O Alcalde